



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes

R.P. 2023/15457.- Aprobación das bases do XV Premio “Andrés Gaos” de Composición Musical

XV Premio “Andrés Gaos” de Composición Musical

Coa finalidade de recoñecer o nome de tan insigne músico e compositor coruñés e de acrecentar a gran tradición musical da nosa provincia e do noso país, a Deputación da Coruña convoca o XV Premio “Andrés Gaos” de Composición Musical, de acordo coas seguintes:

BASES

Primeira.-

Poderán participar todas aquelas persoas, que non obtivesen o premio nos cinco anos anteriores a este, e que presenten obras inéditas e non premiadas con anterioridade en ningún outro premio ou certame.

A orixinalidade da obra e a súa autoría xustificárase mediante unha declaración responsable manifestando ser a persoa autora e titular de todos os dereitos.

En consecuencia, a Deputación Provincial da Coruña non se fará responsable das posibles denuncias por plaxio ou eventualidade similar que poideran xurdir, recaendo na persoa participante afectada as accións legais que procedan e asumindo, se é o caso, as indemnizacións que poideran corresponder polos prexuízos ocasionados a particulares ou á organización.

As persoas participantes terán a obriga de comunicar á Deputación a concesión de calquera premio que obteña a obra presentada, no momento en que esta situación se producira, o que dará lugar á súa exclusión do premio.

Segunda.-

Establécese un premio único dotado con **6.500 €**, que poderá quedar deserto e ser concedido con carácter ex aequo. Neste caso, o seu importe repartirase proporcionalmente entre as persoas que resulten premiadas.

Esta cantidade está suxeita ás retencións legais que lle sexan aplicables.

O premio non poderá concederse a título póstumo, sen prexuízo dos dereitos de sucesión que poidan exercerse si a beneficiaria falecese despois do fallo do xurado.

A Deputación poderá producir e estrear a/s obra/s premiada/s no prazo de vinte e catro meses, que se contarán dende a data da concesión do premio, sen que isto supoña compensación económica adicional complementaria para a/s persoa/s autora/s.

A Deputación, resérvase o dereito da estrea no prazo indicado no parágrafo anterior, polo que a/s persoa/s autora/s non poderá/n programala/s nin autorizar a súa programación, antes de que o fíxese a Deputación ou de que rematasen os vinte e catro meses, agás autorización expresa da Deputación.

No caso de que se realice a gravación ou edición da obra, deberá facerse constar que obtivo o XV Premio “Andrés Gaos” de Composición Musical.

Terceira.-

As obras serán de tema e extensión libres.

O modelo orquestral máximo para a execución das obras será o seguinte:

- 2 frautas
- 2 oboes
- 2 clarinetes
- 2 fagots
- 4 trompas
- 2 trompetas

- 2 trombóns
- 2 percusionistas
- 8 violíns primeiros
- 8 violíns segundos
- 6 violas
- 6 violonchelos
- 4 contrabaixos

Se admitirán os seguintes instrumentos de vento de madeira (tamén como instrumento auxiliar): frauta, frautín, frauta contralto, oboe, corno inglés, clarinete, clarinete baixo, fagot, contrafagot.

Tamén é posible unha distribución de só cordas.

Se admitirá a renuncia a instrumentos individuais ou a grupo de instrumentos.

Non se admitirá: a integración de instrumentos adicionais.

obras que requiran de un número maior de instrumentos aos especificados

obras para instrumentos solistas

É recomendable que cada obra teña unha duración de entre 10 e 20 minutos.

A presentación realizarase, preferentemente, en formato dixital, por medio dun USB/CD que incluírá na portada a seguinte inscrición: XV Premio “Andrés Gaos” de Composición Musical, o título da obra, e un lema, ou o pseudónimo da persoa que sexa a autora; o formato será PDF.

No caso de optar pola presentación en papel, os orixinais enviaranse por duplicado, en exemplares separados, en tamaño DIN A3, polas dúas caras, numerados, grampados ou encadernados.

Cada obra será presentada baixo o sistema de plica, polo que se enviará un sobre á parte en cuxo exterior conste: XV Premio “Andrés Gaos” de Composición Musical, o título da obra ou o seu lema, así como o pseudónimo da persoa que sexa a autora da obra; no seu interior será incluída a documentación seguinte:

- copia do documento de identidade
- o enderezo, un teléfono de contacto, un correo electrónico
- un breve currículo
- declaración expresa de que a obra é inédita e que non foi premiada, ata a data da súa presentación, en ningún outro certame ou premio
- autorización á Deputación para producir e estrear a/s obra/s premiada/s no prazo de vinte e catro meses, que se contarán dende a data da concesión do premio
- declaración de consentimento expreso para o tratamento dos datos persoais que constan na solicitude para a participación no **XV Premio “Andrés Gaos” de Composición Musical**, de conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Cuarta.-

O prazo de presentación de solicitudes determinarase no anuncio de publicación da convocatoria deste premio no BOP da Coruña, a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións.

Os orixinais serán enviados á Deputación da Coruña, Avda. Porto da Coruña 2, 15003 A Coruña, indicando no sobre XV Premio “Andrés Gaos” de Composición Musical.

Quinta.-

O xurado estará presidido pola persoa que ocupe a Presidencia da Deputación ou persoa en que delegar e formarán parte del cinco persoas de recoñecido prestixio no ámbito musical, nomeadas por ela, de acordo co seguinte:

- 1 Membro proposto pola OSG
- 2 Compositores/as galegos
- 1 Compositor/a de relevancia internacional
- 1 Representante / programador / xestor do eido musical galego

As funcións de secretaría exerceraas a secretaria da Corporación, ou a funcionaria ou funcionario en quen delegue.

Para o nomeamento do xurado respectarase a presenza equilibrada de mulleres e homes, en cumprimento do disposto no Capítulo I, artigo 5.2d) do Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

As persoas que integren o xurado estarán sometidas ao deber de abstención nos casos sinalados no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de rexime xurídico do sector público.

A composición do xurado darase a coñecer, con anterioridade á súa reunión, na páxina web da Deputación (www.dacoruna.gal), co fin de que se poidan interpor, se é o caso, os recursos legais pertinentes.

Sexta.-

O xurado actuará en pleno e será necesaria a asistencia da maioría simple dos seus membros. Para os efectos da validez da súa constitución aplicarase o disposto no art. 17 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

As deliberacións serán secretas e delas será redactada a acta correspondente.

O xurado presentará a súa proposta á Presidencia da Deputación, que é o órgano competente para conceder os premios.

O fallo do xurado será inapelable. Terá lugar no segundo semestre do ano 2023 e será dado a coñecer a través da páxina web da Deputación; a Deputación resérvase o dereito a cambiar a data se é necesario.

Sétima.-**7.1.- Preselección.-**

O xurado, despois de ver as partituras presentadas, realizará unha primeira selección de tres obras. Os nomes dos/as autores/as e os títulos das tres obras que resulten finalistas serán publicados na páxina web da Deputación.

As tres persoas finalistas serán invitadas a unhas xornadas de traballo coa OSG; o non asistir ás xornadas de traballo supón a renuncia ao concurso e o xurado poderá nomear outra obra como finalista.

A Deputación farase cargo dos gastos de aloxamento e desprazamento das tres persoas finalistas.

7.2.- Fase final e premio.-

O último día das xornadas de traballo interpretaranse as tres obras finalistas, entre as que o xurado propondrá a obra gañadora.

Oitava.-

Non se devolverán as partituras presentadas que non sexan premiadas, e a partir do día seguinte ao da decisión do premio serán destruídas.

Novena.-

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.

Décima.-

Os datos facilitados serán tratados pola Deputación coa finalidade de tramitar esta convocatoria e están protexidos pola Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais. O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial da Coruña e o encargado será a empresa contratada pola Deputación provincial para coordinar o premio, no caso de se contratar. A lexitimación para o tratamento dos datos persoais contidos nesta solicitude é o cumprimento dunha misión de interese público.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal. A Deputación conservará estes datos durante o tempo que sexa necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos.

Poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para calquera outra dúbida poderá dirixirse ao Delegado de Protección de datos da Deputación a través do seguinte correo electrónico: delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal

A Coruña, 18 de abril de 2023.

O presidente,

Valentín González Formoso

A secretaria,

Amparo Taboada Gil

2023/2941